

Poemario intenso

Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) practicou, sempre, unha poesía de amplo alento. Desde *Praia das furnas* (1983), pasando polo *Luminoso lugar de abatimento* (1987) ou *Lume branco* (1991), o noso autor explorou os camiños da dilatación expresiva, do concurso de voces que soerguían un canto interior corpóreo, pétreo, animado pola forza do intelecto e sustentado por unha expansiva dicción. Esta vía acharía cume en *Calendario perpetuo* (1997), ao desembochar nunha prosa albina, reacia á pura catalogación poética. Curiosamente, ao desaparecer o verso e expandirse en prosa, o discurso, pola contra, fíxose máis opaco á razón racional e abriu a espita das corren-

Con dicción expansiva



ROMÁN RAÑA

A entrega que agora nos ocupa, *Vento de sal*, reúne estas dúas direccións. Contodo, observamos o inicio dunha vía máis concisa, máis compendiadora do dicir poético, que as anteriormente encetadas. Na primeira parte do libro, “Sombra do meu corpo”, cultívase a memoria persoal. Outra vez achamos escenarios familiares, a sombra amada dos pais: “Estou dentro do soño do fillo abandonado/no extremo dos camiños cara ao río, na muralla/de cal e vidro”. A casa é o proskenio onde se desenvolve o drama do tempo que pasa, do tempo que vai le-

fraquece, non adelgaza a materia do canto. Polo contrario, a intensidade do que se di aumenta de tal modo até ferirnos. Férenos a luz do verán que empapa os versos, a luminosidade agresiva dun sol pleno que nos queima e, con el, todo o pasado de feliz e utópico paraíso perdido: Esa contención verbal québrase de modo extraordinario no poema que comeza: “A pedra que me perseguía pronunciando unha culpa/e ficou viva, incorporada. A pedra case humana/que arribou co vento convexo dos abismos/e se precipitou como inverno contra os corpos dos cativos descoñecidos”. Despois atopamos un ser de tamaño mitolóxico que asombra o neno que o contempla co estupor ante o descoñecido. Tamén circulan outras personaxes polos poemas, como a muller misteriosa que vive no monte e que desaparece no crepúsculo.


A segunda parte do poemario, “Desde dentro da única zona de luz”, é un conxunto de poemas de circunstan-

BREVIDADE DO
DISCURSO POÉTICO
AUMENTA, ATÉ
FERIRNOS, A SÚA
PROFUNDA
INTENSIDADE

cias socio-políticas (onde a calidade da poesía non se submete ao destinatario dos textos, mais mantén o rango da súa escrita sen caer en concesións demagóxicas ou populistas), que convive con outros de expresión intimista, como a excelente peza final, “Casa da boca escura”, onde o poeta interroga por aqueles que nos acompañan e non vemos, con aqueles que viven xunto a nós e nunca coñecemos: “Hai vidas arredor que non nos tocan nunca/e apenas un murmurio, algo que esvara,/unha pel de levísimo arreguizo,/as vidas do arredor, papel de gas.”

Poemario intenso, novidoso, que confirma a voz plural e magnífica de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, poeta.

ÁLVAREZ CÁCCAMO,
Xosé María, Vento de sal,
Ed. Galaxia, Vigo, 2008,
páxinas.



tes verbais do pensamento, a un surrealismo que nunca perdía pé, pois sempre achábamos o fío de Ariadna para adentrarnos no seu labirinto verbal percibindo un último sentido a todo o escrito. Os volumes posteriores abrirían unha senda nunca antes percorrida: o da denuncia social contra a inxustiza, contra a represión fraguista, contra o petróleo mental dos maos gobernantes, contra a guerra do Irak.

vando a vida dos seres máis queridos, a que limpa o amor dos corazóns magoados: “Nunca/esqueizamos a luz, a luz rarísima/que entraba polas fendas do faiado,/o que fica en min de onte aínda en lóstrego.”

A brevidade do discurso poético non o en-

ELA